

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O A ENTIDADE XUNVENTUDE DE GALICIA – CENTRO GALEGO DE LISBOA (PORTUGAL), PARA OBRAS DE REFORMA DA EXPLANADA DIANTEIRA E DA RAMPLA LATERAL DA ENTIDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa (Portugal), un convenio de colaboración para contribuír ao financiamento das obras urxentes de reforma da explanada dianteira e da rampla lateral da sede da dita entidade, por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022.

A urxencia e a necesidade de acometer a reparación da obras sinaladas, xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao amparo do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A sede e as instalacións da entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa están situadas dese 1988 nun magnífico pazo do século XIX situado na Rúa de Julio Andrade, 3, da cidade de Lisboa, da súa propiedade, que exige un especial coidado e rigor no seu mantemento en tódolos seus aspectos.

Logo dun estudo de avaliación dos espazos circundantes do pazo, concretamente das explanadas dianteira, traseira e da rampla lateral que as une, cubertas con asfalto dentro da finca na que está construído, comprobouse que as pendentes de drenaxe están invertidas, o que fai que as augas pluviais se dirixan cara á edificación provocando importantes humidades persistentes en espazos interiores que dificultan a súa utilización. Unha vez efectuadas as obras de arranxo correspondentes á explanada traseira resulta urxente, antes de que cheguen as choivas do inverno, a reforma da explanada dianteira e da rampla lateral para poder cortar as humidades que están deteriorando dependencias do pazo. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo destas obras, que segundo os orzamentos presentados ascende a máis de 45.000 €.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na necesidade de manter abertas as instalacións da entidade, para que poida continuar realizando as actividades e os servizos que presta aos seu socios e á colectividade galega do seu ámbito de actuación.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará vinte e nove mil cincocentos mil euros (29.500 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

